



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### ACTA N.º 7/2017

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 28 DE XUÑO DE 2017

### ASUNTOS

- I.- **PARTE RESOLUTIVA**  
I.1.- ACTA ANTERIOR  
I.2.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2017  
I.3.- BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E/OU MATERIAL ESCOLAR (CURSO 2017-2018)  
I.4.- MODIFICACIÓN DO ARTIGO "4 BENEFICIOS FISCAIS, APARTADO B BONIFICACIÓNS" DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS  
I.5.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS QUE PROCEDAN CO OBXECTO DE ESTABLECER UNHA POLÍTICA FISCAL MÁIS XUSTA E PROGRESIVA, ESPECIALMENTE NO REFERENTE ÁS BONIFICACIÓNS  
I.6.- MOCIÓN UCN: DERROGAR A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA  
I.7.- PROPOSTA DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN DA FEGAMP E O CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS DE APARELLADORES E ARQUITECTOS TÉCNICOS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS FORMATIVAS
- II.- **CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**  
II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA  
II.2.- DAR CONTA ESCRITO UCN SOBRE INGRESOS PERCIBIDOS PARA GASTOS FUNCIONAMENTO GRUPO MUNICIPAL DO ANO 2016  
II.3.- ROGOS E PREGUNTAS

### ASISTENTES:

#### **Grupos:**

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

#### **Concelleiros/as:**

- D.<sup>a</sup> Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández
- D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

--





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

### Outros datos da sesión:

- *Data*: Mércores, 28 de xuño de 2017
- *Lugar de celebración*: Salón de Sesións da Casa do Concello de Nigrán
- *Carácter da sesión*: ordinario, dado que o xoves 29 de xuño coincide en festa local.
- *Convocatoria*: primeira
- *Hora de comezo*: 20:03
- *Hora de remate*: 22:05
- *Número legal de membros da Corporación*: 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución*: 17

### Incidencias:

- Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.
- Outras incidencias: Non se recollen.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

## I.- PARTE RESOLUTIVA

### I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 25 de maio de 2017.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións respecto da mesma.

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 25 de maio de 2017 queda aprobada cos votos a favor de 16 membros da Corporación e a abstención do Sr. Alcalde-Presidente, ausente naquela sesión.

### I.2.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2017

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 21 de xuño de 2017, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

*Vistas 17 facturas por importe de 80.883,09 euros, e 15 gastos de locomoción, dietas e outros, de corporativos e persoal por importe de 1.125,94 euros; facturas, locomocións, dietas e outros (por importe total de 82.009,03 euros) non contabilizados nen pagados e correspondentes a obrigas líquidas, vencidas e*





*presuntamente esixibles para o Concello de Nigrán ao contar con sinaturas de conformidade de diversos concelleiros, funcionarios e/ou persoal laboral do Concello de Nigrán, que corresponden a improcedentes ou irregulares contratacións de obras, servizos ou subministros documentalmente acreditados, así como a diversos gastos por desprazamentos, dietas e outros, de corporativos e persoal.*

*Visto o estado de execución do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2017, e tendo en conta a existencia de crédito adecuado e retido por importe de 82.009,03 euros en 17 aplicacións do estado de gastos do orzamento xeral citado.*

*Sendo criterio desta Alcaldía intentar cumprir o establecido legalmente para a realización do gasto público e, en consecuencia, suprimir ou reducir a supostos concretos, excepcionais, puntuais e de escasa contía os gastos que se poidan realizar incumprindo a normativa citada, especialmente a referida á necesidade da existencia, documentalmente acreditada, de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente antes da realización de calquera gasto público municipal; ao cumprimento dos trámites da contratación administrativa; á fiscalización preceptiva previa, e a referida ao “Bon goberno” según o disposto nos artigos 25 ao 32 ambos inclusive da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bon goberno, BOE número 295, do 10.12.2013.*

*Tendo en conta a necesidade de continuar co saneamento económico do Concello de Nigrán e co recoñecemento extraxudicial de diversos gastos coa finalidade, entre outras, de non dar lugar, no seu caso, a posibles enriquecementos inxustos para o citado Concello así como, no seu caso, a posibles quebrantos económicos a varios terceiros que teñen pendente de contabilización e de pago diversas facturas correspondentes a obrigas non prescritas.*

*Coa finalidade de non afectar negativamente aos prazos medios de pagos de obrigas, así como á estabilidade orzamentaria.*

*Esta Alcaldía, proponlle ao Concello Pleno:*

**PRIMEIRO:** *Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 16.05.17, referencia T 101/17 .*

**SEGUNDO:** *Declarar esixibles as obrigas indicadas nas 17 facturas por importe de 80.883,09 euros, e nos 15 gastos de locomoción, dietas e outros, de corporativos e persoal por importe de 1.125,94 euros indicados nas relacións unidas a esta proposta; aprobar as mesmas, e recoñecer extraxudicialmente os gastos citados por importe total de 82.009,03 euros con cargo aos créditos orzamentarios retidos nas correspondentes aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2017.*

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

**Sr. Alcalde-Presidente:** Ven de novo ao Pleno, retirándose algunhas facturas,





concretamente a da Federación Territorial Galega de Bolos por importe de 1.000 euros e a de Into Galicia Consulting por importe de 9.438 euros, que se exclúen deste recoñecemento, que queda nunha contía final de 70.445,09 euros. Pensa que as restantes se deben recoñecer e pagar.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Mantiveron na Comisión Informativa que se recoñecesen as de 2016, e que as de 2017 se pagasen con cargo ao orzamento. Dado que isto último non se fixo, votarán de novo en contra.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* A que se retirou dos Bolos é unha subvención encuberta. O do servizo de auditoría a CESP, parece obedecer ás directrices de CESP. Absteranse.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* O expediente é un pouco chapuceiro, ao non terse incorporado en debida forma facturas correctas do ano pasado, que respondían a contratos vixentes. Hai prexudicados por esta actuación demorada. Débese ter cuidado con poñer obstáculos cando teñen repercusión económica negativa. Habería que contrastar certos criterios de actuación, ao mellor coa Deputación. Votará a favor dadas as circunstancias e para non prexudicar a terceiros. No tema dos cursos da Policía, deberían ser máis axeitados á labor do servizo.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Remítense ao dito na sesión anterior. Hai dous cambios desde entón, dúas facturas que se retiran. Mantén a súa postura.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE e UCN.
- Votos en contra: 6; PP.
- Abstencións: 3; Nigrán Decide e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa, excepto no que se refire á factura da Federación Territorial Galega de Bolos por importe de 1.000 euros e á de Into Galicia Consulting por importe de 9.438 euros, que se exclúen deste recoñecemento, cuxa contía queda finalmente cifrada en 70.445,09 euros.

### **I.3.- BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E/OU MATERIAL ESCOLAR (CURSO 2017-2018)**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 21 de xuño de 2017, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Dende o Concello preténdese apoiar ás familias do termino municipal, considerando que unha das fórmulas para elo é contribuir para facilitar a adquisición dos libros de texto e/ou material escolar para os fillos matriculados nos cursos de ensino infantil nos centros públicos do municipio.





Xa que logo, vista a proposta dos Servizos Sociais municipais, de conformidade co previsto no artigo 25.2,e da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 80.2,k da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de acordo cos artigos 4 e 8.3 da Lei 13/2008 del 3 de decembro de Servizos Socias da Comunidade Autónoma de Galicia, e coas determinacións da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 16-06-2017 Refª T 129/17.

**SEGUNDO.-** Aprobar as bases específicas da convocatoria para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e/ou material escolar (curso 2017-2018), co texto que se insire a continuación:

**"BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E/OU MATERIAL ESCOLAR (CURSO 2017-2018)**

*As presentes bases específicas, que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de axudas ou subvencións para a adquisición de libros de texto e/ou material escolar no curso escolar 2017-2018, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.*

**1. FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA**

*O Concello de Nigrán, asumindo as competencias recoñecidas no artigo 25.2,e da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 80.2,k da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de acordo cos artigos 4 e 8.3 da Lei 13/2008 del 3 de decembro de Servizos Socias da Comunidade Autónoma de Galicia, e coas determinacións da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, procede a ditar as bases necesarias para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto para o curso 2017-2018.*

**2. OBXECTO DAS AXUDAS**

*As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de axudas ou subvencións ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos de educación infantil coa finalidade de adquirir libros de texto e/ou material escolar necesarios para o curso 2017-2018.*

**3. BENEFICIARIOS**

*Poderán ser beneficiarias das axudas aquelas unidades familiares que estean empadroadas no concello de Nigrán, residan neste termo municipal de xeito efectivo, e teñan fillos matriculados en centros públicos do municipio que cursen educación infantil no*





curso 2017-2018.

*En calquera caso estas axudas son incompatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade.*

#### 4. REQUISITOS

1. *Para poder optar ás axudas é requisito indispensable que os ingresos económicos da unidade familiar se axusten ao seguinte baremo, tendo en conta os ingresos da unidade familiar no ano 2016.*

<b>Nº de membros da unidade familiar</b>	<b>Ingresos brutos anuais</b>
Familias de 2 membros	17.040,32 €
Familias de 3 membros	21.300,40 €
Familias de 4 membros	25.560,48 €
Familias de 5 membros	31.950,60 €
Familias de 6 membros	38.873,23 €
Familias de 7 membros	45.263,35 €
Familias de 8 membros	51.653,47 €
Familias de 9 ou mais membros	58.043,59 €

*Aos efectos anteriores, considérase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor e os fillos solteiros do solicitante menores de 25 anos que conviven no domicilio familiar ata a data de aprobación das presentes bases.*

*Nesta convocatoria, para os efectos de determinar a renda familiar, terase en conta a situación persoal e familiar a 31 de decembro de 2016.*

*No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.*

2. *A efectos do cómputo de ingresos teranse en conta os de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais.*

*Computarán por dous cada un dos membros da unidade familiar que figurando na solicitude teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez*

3. *No caso de familias numerosas computaráselle un membro a maiores dos existentes na unidade familiar.*

4. *Dos ingresos brutos medios mensuais descontarase os gastos de alugueiro e hipoteca da vivenda habitual ata un máximo de 300 €/mes*





5. Os solicitantes non poderán ter débedas contraídas co Concello.

6. Os solicitantes non poderán ser beneficiarios doutras axudas, subvencións ou ingresos que teñan a mesma finalidade.

## 5. GASTOS SUBVENCIONABLES E IMPORTE DAS AXUDAS

As axudas deberán adicarse á adquisición de libros de texto e/ou material escolar necesarios para os beneficiarios descritos no apartado correspondente. A contía da axuda será a do custo dos libros/e ou material escolar, cun importe máximo de 65 € por cada neno matriculado en educación infantil nun centro público do municipio para o curso 2017-2018.

## 6. ORZAMENTO

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 5.000 euros, con cargo á partida 231.2269907 do Orzamento prorrogado do ano 2016.

## 7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. As solicitudes de axudas dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do rexistro xeral municipal ou por calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles dende o día seguinte á publicación destas bases de conformidade co establecido na LXS

3. Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta no modelo normalizado incluído como **Anexo I** das presentes bases

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

4. Coa solicitude achegarase a documentación que se sinala:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade do solicitante e cónxuxe ou parella

b) Fotocopia do libro de familia completo

c) Fotocopia do IRPF do 2016 ou no seu defecto certificado negativo expedido pola Axencia Tributaria.

d) No caso de separación ou divorcio , copia da sentenza ou convenio regulador

f) De ser o caso, recibo e contrato de aluguer, ou recibo da hipoteca da vivenda habitual

## 8. TRAMITACIÓN E PROCEDIMENTO





1. A tramitación destas axudas realizarase polos servizos sociais municipais, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación preceptiva, coa advertencia de que, de non facelo, terásele por desistido da súa petición, logo da resolución oportuna.

2. As axudas adxudicaranse a aquelas unidades familiares que acrediten reunir os requisitos establecidos no aptdo. 4º das presentes bases, cos límites de importe establecidos, ata o esgotamento da partida orzamentaria adicada a esta finalidade.

Se o número de solicitudes supera no seu importe total o da partida orzamentaria, darase prioridade ás solicitudes con menor nivel de renda. Os empates resolveranse a favor de quen primeiro presentase a solicitude.

## **9. PAGO DA AXUDA**

1. O importe da axuda será o do custo dos libros/e ou material escolar, cun máximo de 65€ por cada neno matriculado en educación infantil nun centro público do municipio para o curso 2017-2018.

2. Con carácter xeral, o pago da axuda realizarase mediante a entrega ao beneficiario dun vale por importe de 65€ por cada alumno. O vale poderá canxearse por libros de texto/e ou material escolar en calquera das librerías participantes no programa ou nos centros escolares, no caso de que sexan estes os que subministren os libros/e ou material escolar aos alumnos.

3. As librerías que participen no programa deberán achegar ao Concello o conxunto dos vales recibidos, xuntando facturas correspondentes aos libros realmente adquiridos polos beneficiarios con cargo a cada un deses vales.

A tal efecto, as facturas que se acheguen cumprirán os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación, ou outros xustificantes ou documentos con valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa.

Igualmente, as facturas deberán estar desglosadas de xeito que podan identificarse os libros de texto/e ou material escolar adquiridos e os seus respectivos importes.

4. Cando os beneficiarios adquirisen os libros/e ou material escolar directamente nos centros escolares, os ditos centros presentarán os vales entregados polos beneficiarios, así como un xustificante debidamente asinado onde se recollerá a identificación do/a pai/nai/titor, o alumno/a, os importes e os conceptos debidamente desglosados.

5. A documentación xustificativa deberá presentarse nos dous meses posteriores á entrega dos vales aos beneficiarios, no rexistro xeral municipal ou a través de calquera outra das formas previstas no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

## **10. REINTEGRO E REXIME SANCIONADOR**







## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polos beneficiarios da axuda, así como a non xustificación total ou parcial da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o reintegro ao Concello das axudas aboadas.*

### 11. VIXENCIA

*As presentes bases estarán vixentes durante todo o ano 2017, quedando condicionadas pola existencia de consignación orzamentaria.*

### ANEXO I

## AXUDAS PARA COMPRA DE LIBROS DE TEXTO E/OU MATERIAL ESCOLAR – CONCELLO DE NIGRÁN

### CURSO 2017-2018

DNI	Nome e apelidos			Teléfono		
<b>ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS</b>						
Nome da rúa, praza, etc			Número	Piso	Porta	Código Postal
Parroquia	Municipio	Provincia	Correo electrónico			

### DIGO:

1. Que declaro baixo a miña responsabilidade que reúno os requisitos recollidos nas bases específicas da convocatoria para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto (curso 2017-2018).

2. Que teño a intención de solicitar a axuda mencionada para os seguintes alumnos:

#### ALUMNO/A Nº 1

Nome e apelidos	Data de nacemento	Relación co solicitante
Centro escolar para o curso 2016-2017		Curso académico

#### ALUMNO/A Nº 2





# CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Nome e apelidos	Data de nacemento	Relación co solicitante
Centro escolar para o curso 2016-2017		Curso académico

### ALUMNO/A Nº 3

Nome e apelidos	Data de nacemento	Relación co solicitante
Centro escolar para o curso 2016-2017		Curso académico

### ALUMNO/A Nº 4

Nome e apelidos	Data de nacemento	Relación co solicitante
Centro escolar para o curso 2016-2017		Curso académico

3. Que, de conformidade coas bases mencionadas, declaro que a composición da unidade familiar é a seguinte:

<b>COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA / INGRESOS</b> (Non incluír aos nenos/as para os/as que se solicita axuda)				
Nome e apelidos	Data de nacemento	Parentesco co solicitante	Concepto ingresos (traballo, pensión, RISGA, desemprego...)	Sinatura

4. Que para que se poda tramitar a solicitude de axudas, achego a seguinte documentación:

- Fotocopia do documento nacional de identidade do solicitante e cónxuxe ou parella
- Fotocopia do libro de familia completo
- Fotocopia do IRPF do 2016 ou, no seu defecto, certificado negativo expedido pola Axencia Tributaria.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza ou convenio regulador
- De ser o caso, recibo e contrato de aluguer, ou recibo da hipoteca

5. Que autorizo ao Concello de Nigrán a obter doutras Administracións e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver as solicitudes, incluída a Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Si
- Non

Visto canto antecede,

**SOLICITO** que se me conceda a axuda para compra de libros de texto (curso 2017-2018) para os alumnos indicados no apartado correspondente.

Nigrán, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

Sinatura \_\_\_\_\_”

**TERCEIRO.-** Proseguir o procedemento correspondente de conformidade co previsto nas disposicións aplicables, encomendándose á Alcaldía-Presidencia a realización das actuacións necesarias para levar a efecto o acordado.

**CUARTO.-** Advertir que contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende a recepción da presente, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Hai certas variacións con relación ao ano pasado. Trátase de que poidan acceder máis persoas e inclúese o material escolar. Hai unha incorporación no caso das persoas con discapacidade, entre outras. Son melloras propostas polos servizos sociais.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Xa se manifestaron a favor na Comisión. Hai melloras nas bases e votarán a favor.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Aplauden as melloras introducidas. Non se incluíron máis etapas educativas como eles pediron, por iso absteranse.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Recoñece as melloras. Non se aumenta a contía. O ano pasado houbo un remanente importante. Votará a favor.





*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Ou non hai necesidades ou o criterio é moi restritivo, de aí o remanente do ano anterior. Parécenlle oportunas as melloras. O das familias numerosas é o máis discutible, pero en conxunto son mellores que as do ano pasado. Votará a favor.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Veremos se este ano se incorporan máis beneficiarios e actuarase en consecuencia o ano que ven.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PSOE, PP, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 2; Nigrán Decide.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

#### **I.4.- MODIFICACIÓN DO ARTIGO “4 BENEFICIOS FISCAIS, APARTADO B BONIFICACIÓN” DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 21 de xuño de 2017, previa declaración de urxencia, informa favorablemente a moción do Grupo Municipal UCN referida a este asunto, que se contén na seguinte proposta:

##### Exposición de Motivos:

1.- Teniendo en cuenta la buena situación económico-financiera del Ayuntamiento de Nigrán, según se desprende de los informes y resultados positivos que arrojan las cuentas al cierre y liquidación de los últimos ocho ejercicios, tanto en el resultado presupuestario, en el ahorro neto, y a partir del año 2012 también en el Remante de Tesorería para gastos generales, de acuerdo con el siguiente detalle:

<b>Año:</b>	<b>Ahorro Neto:</b>	<b>Resultado Ptario.:</b>	<b>Remante Tesorería:</b>
2008	1.297.937,61	744.288,00	-4.423.061,60
2009	1.817.100,96	2.181.006,32	-2.007.638,93
2010	1.244.785,25	1.355.337,39	-1.085.062,10
2011	2.470.327,07	1.364.116,47	- 404.568,66
2012	1.368.269,16	1.450.413,18	1.995.684,70
2013	-467.840,63	950.209,31	1.993.500,24
2014	1.791.085,05	1.300.902,19	3.018.217,62
2015	2.155.407,94	1.626.109,56	4.478.198,82

Situación que en la medida de lo posible permite llevar a cabo una reducción de la presión fiscal de la carga impositiva que soportan los vecinos, y que además, en los últimos años se ha visto sensiblemente incrementada.

3.- Por tal motivo creemos necesario incentivar la actividad económica, y para ello pueden contribuir medidas fiscales que ayuden también a reactivar la construcción muy afectada durante los años de crisis sufrida. Medida especialmente orientada a fomentar la





rehabilitación y reforma de las viviendas unifamiliares en el medio rural, persiguiendo también un doble objetivo, por un lado mejorar las condiciones de habitabilidad de las viviendas y por otro, fijar y consolidar el asentamiento de la población en el medio rural del municipio.

4.- Igualmente, si cabe es todavía más necesario que también los incentivos se dirijan a los jóvenes, colectivo que por desgracia está sufriendo doblemente los efectos de la crisis, con dificultades de acceso al mundo laboral y en muchos casos en condiciones un tanto precarias.

5.- Medidas que vienen a reforzar lo establecido en el artículo 40 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia, cuyo objetivo es fomentar la rehabilitación, reforma y ampliación de viviendas existentes en cualquier clase de suelo de núcleo o de suelo rústico, y que en el Ayuntamiento de Nigrán tiene especial relevancia, dado que todavía está en tramitación el Plan General –sin un horizonte claro de futuro–, y que las dificultades de nueva construcción son cada vez más difíciles por no decir imposible, dada la falta de clasificación del suelo.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente,

#### **ACUERDO:**

**PRIMERO.-** Modificar el artículo “4 Beneficios Fiscales, apartado B Bonificaciones”, de la Ordenanza Fiscal reguladora del Impuesto de construcciones instalaciones y obras, incorporando dos nuevos apartados:

7.- Se establece una bonificación del 50% de la cuota del Impuesto de construcciones instalaciones y obras, a la rehabilitación y reforma de viviendas unifamiliares ubicadas en suelo rústico o cualquier categoría de suelo de núcleo rural.

8.- Se establece una bonificación del 75% a jóvenes menores de 40 años, de la cuota del Impuesto de construcciones instalaciones y obras de nueva construcción, rehabilitación y reforma de viviendas unifamiliares ubicadas en suelo rústico o cualquier categoría de suelo de núcleo rural.

**SEGUNDO.-** Exponer al público el presente acuerdo por un período de 30 días mediante anuncio publicado en Boletín Oficial de la Provincia, de acuerdo con lo dispuesto en el art. 17.1 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, de la Ley Reguladora de Haciendas Locales.

#### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Explica as razóns que o impulsaron a propoñer este cambio. A finalidade é incentivar certos supostos de construcións no rural e outros dirixidos á xuventude, tan golpeada pola crise. Pensa que responde a un sentir xeral. Nigrán Decide propón tamén algo sobre as bonificacións. Por todo isto, propón deixar o asunto sobre a mesa para abordar a cuestión conxuntamente coa proposta de Nigrán Decide.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Estiveron a favor na Comisión, porque vai na liña de impulso do medio rural por parte das Administracións. Houbo certos reparos ao contido da moción, referidas ao encaixe legal da proposta. Précelle ben deixala sobre a mesa, para ver o encaixe.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Agradece o apoio e sinala que a Lei do





Solo de Galicia vai na liña de potenciar estes investimentos. Tamén hai que eliminar trabas urbanísticas.

**Votación e acordo sobre a petición de UCN de deixar o asunto sobre a mesa.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda deixar o asunto sobre a mesa.

### **I.5.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS QUE PROCEDAN CO OBXECTO DE ESTABLECER UNHA POLÍTICA FISCAL MÁIS XUSTA E PROGRESIVA, ESPECIALMENTE NO REFERENTE ÁS BONIFICACIÓNS**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 21 de xuño de 2017, previa declaración de urxencia, informa favorablemente a moción do Grupo Municipal Nigrán Decide referida a este asunto, que se contén na seguinte proposta:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

I. En numerosas comisións informativas constatouse que o actual sistema de bonificacións existentes nos tributos do Concello de Nigrán provoca situacións que poden cualificarse como inxustas, ao producirse nelas uns saltos que levan consigo que, por unha diferenza de poucos euros, se teña ou non dereito ás bonificacións previstas nas ordenanzas fiscais, ao non existir ningún tipo de progresividade nelas. Por poñer un exemplo, actualmente, no Imposto de Bens Inmóbeis existe unha bonificación do 90 por cento para aquelas familias numerosas que contén con ingresos inferiores a 3.500 euros netos anuais per cápita, non tendo dereito a ningún tipo de bonificación se superan nun euro esa cantidade. Isto supón que unha familia numerosa de cinco membros, cuns ingresos netos de 17.500 euros non ten dereito a ningunha bonificación, mentres que esa mesma familia con só 5 euros menos de ingresos netos tería dereito a un 90% de bonificación, poñéndose de manifesto unha situación inxusta e non progresiva na aplicación deste imposto, o mesmo que acontece con outros impostos e taxas en relación á falta de progresividade das bonificacións. Nesas mesmas comisións informativas solicitouse ao goberno que fixese unha proposta de modificación das bonificacións existentes, sen que dita solicitude tivese resultados positivos a día de hoxe.

II. Como consecuencia, principalmente, da Regularización Catastral, que se iniciou despois de que o Concello de Nigrán a través do seu alcalde manifestase a súa conformidade para que se iniciase dito procedemento o 26 de outubro de 2015, produciuse un aumento do valor catastral total de Nigrán. NIGRÁN DECIDE estima, cos datos de que dispón, de data 1 de maio de 2017, tres meses antes de que finalice o procedemento de finalización catastral, que este aumento será, como mínimo, de 150 mil euros.

III. NIGRÁN DECIDE considerou e fixo público, mediante a difusión dun boletín informativo, que a regularización do Catastro era necesaria para que toda a veciñanza pague o IBI polo





que realmente ten; sen embargo, non estabamos de acordo coa forma en que se fixo, polo cal presentamos unha moción para a defensa dos dereitos da veciñanza durante a aplicación deste procedemento. Nese boletín informabamos que se todo o mundo pagaba polo que realmente ten poderíase modificar a presión fiscal que ten a veciñanza, sen poñer en perigo a estabilidade económica do Concello.

IV. A política fiscal dun concello é unha cuestión delicada na que hai que actuar con responsabilidades, polo que, calquera proposta relativa ao tema, debe estar ben documentada para poder tomar decisións xustas que non comprometan a situación económica do Concello de Nigrán.

Para o Grupo municipal de NIGRÁN DECIDE este é o momento de abordar a modificación das bonificacións que poderían ser compensadas co aumento da recadación que durante o ano 2018 se vai producir no Concello, como consecuencia da regularización catastral mencionada anteriormente.

É por todo o anteriormente exposto polo que o Grupo Municipal de NIGRÁN DECIDE presenta ao pleno do Concello de Nigrán a seguinte proposta de **ACORDO**:

**O Pleno Concello de Nigrán insta ao goberno municipal e ao Alcalde a:**

- Que antes do día 10 de setembro de 2017 presente aos grupos municipais unha proposta de reforma das ordenanzas fiscais que procedan, co obxecto de establecer unha política fiscal máis xusta e progresiva, especialmente no referente ás bonificacións.
- Que para poder tomar unha decisión xusta, que non comprometa a situación económica do Concello de Nigrán, dita proposta sexa acompañada de cantos datos se precisen, nos que se incluírán aqueles referidos ao valor catastral total a data 1 de xaneiro de 2016 e o referido ao valor catastral total de Nigrán unha vez rematado o procedemento de regularización catastral o 30 de xullo de 2017.

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Explica as razóns de traer o asunto ao Pleno. Esta proposta fai referencia ás bonificacións do IBI, na que non hai modulacións en función das circunstancias. Tamén se refire as repercusións da regularización catastral que suporá un aumento da recadación. Pensan que a mellora económica que se prevé debe repercutir nun cambio nas ordenanzas para garantir unha maior xustiza no reparto da presión fiscal.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* No seu momento aumentouse a presión fiscal para nutrir o plan de saneamento. A súa iniciativa de revisar a situación non sufriu avances ata agora. Considera que hai que levar a cabo un axuste. Ofrecen a súa colaboración para traballar nesta liña. Votarán a favor.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Ven ditaminada por unanimidade. Pregunta se afecta ás taxas e a impostos. O ICIO é un dos impostos máis agresivos no que se refire aos valores da construción. No que ademais non se ten conta o custe das construcións máis humildes.





*Sr. Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* O debate afecta a todas as ordenanzas fiscais.

*Sr. Fernández Comesaña:* Votará a favor.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Parécelle ben que se revisen as ordenanzas fiscais. Debería empezarse coa aplicación das normas que establecen a necesidade de facer unha planificación normativa.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Están a favor da xustiza fiscal, sen prexuízo de estudar as iniciativas. Esperan que en setembro se poida ter avanzado. Contará cos grupos para isto a partir da semana que ven.

*Sr. Cuevas Raposo:* Trataríase de que entren en vigor o ano que ven.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

#### **I.6.- MOCIÓN UCN: DERROGAR A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATURALEZA URBANA**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 21 de xuño de 2017, previa declaración de urxencia, tratou e **non ditaminou** a moción do Grupo Municipal UCN referida a este asunto, que se contén na seguinte proposta:

“Exposición de Motivos:

- 1.- El Tribunal Constitucional ha anulado recientemente el Impuesto sobre el Incremento de Valor de los Terrenos de naturaleza Urbana, (conocido como Impuesto de Plus Valía), cuando no haya incremento de valor, declarando su inconstitucionalidad. Casos muy habituales desde que estalló la crisis económica, dado que el Impuesto grava la revalorización (y no su pérdida) de los inmuebles, pero en la realidad es abonado siempre, aunque hayan perdido su valor y generando pérdidas en la transmisión.
- 2.- El alto Tribunal considera que el Impuesto sobre el Incremento de Valor de los Terrenos de naturaleza urbana, vulnera el principio constitucional de capacidad económica, en la medida que no se vincula necesariamente a la existencia de un incremento de valor del bien transmitido, sino a una mera titularidad durante un período de tiempo. Esta circunstancia impide al ciudadano cumplir con su obligación de contribuir, de acuerdo con su capacidad económica.
- 3.- Por tal motivo la sentencia declara la inconstitucionalidad y nulidad de los artículos 107.1, 107.2 a) y 110.4 de la Ley Reguladora de Haciendas Locales, aprobada por Real Decreto







## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

4.- Teniendo en cuenta que se trata de impuesto cuya filosofía viene siendo cuestionada desde muchos ámbitos de la sociedad, y que además no es un tributo de imposición obligatoria para los Ayuntamientos, sino todo lo contrario, se trata de un Impuesto de carácter voluntario, tal y como establece el artículo 59.2 de la citada Ley de Haciendas Locales.

5.- Asimismo la repercusión económica en el Presupuesto de Ingresos municipal -sobre todo en los últimos años-, apenas ha tenido relevancia y se ha convertido en un tributo cuasi testimonial, cuyos resultados de recaudación neta han sido los siguientes:

-Año 2015	72.588,72€
-Año 2014	3.912,32€
-Año 2013	23.121,96€
-Año 2012	21.124,08€
-Año 2011	7.735,49€

6.- Igualmente debe tenerse en cuenta que la actual situación económico-financiera del Ayuntamiento de Nigrán, permite revisar a la baja la elevada presión fiscal que vienen soportando los vecinos en los últimos años y que han visto incrementados los Impuestos, incluso en los momentos más críticos de la crisis económica sufrida.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno la adopción del siguiente,

### **ACUERDO:**

**ÚNICO.-** Derogar la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto Sobre el Incremento de Valor de los Terrenos de naturaleza Urbana (Plus-Valía), publicando el presente acuerdo en el Boletín Oficial de la Provincia.”

### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Le a exposición de motivos da moción e a proposta de acordo. A sentenza do Tribunal Constitucional deixa en evidencia o sistema. Tamén fai referencia á evolución da recadación. Pensa que a cifra do último ano subiu a recadación porque se tramitaron expedientes atrasados. A filosofía do imposto ten que cambiar. Se no futuro se clarifica a normativa poderase reconsiderar.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Polas repercusións económicas debería informar o Interventor. Afectará tamén ao orzamento previsto. Absteranse.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Este imposto grava un beneficio, por iso debe continuar, salvo nos casos de perdas, onde haberá que modular. Non se pode quitar agora o imposto e poñelo máis adiante. Absteranse.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Non cuestiona a filosofía do imposto, senón que se lle aplique ás minusvalías. En moitos casos grávanse beneficios obtidos sen intervención do contribuínte. Incluso hai situacións de privilexio que deberían corrixirse.

*Sr. Alcalde-Presidente:* No contexto da moción de Nigrán Decide pódese estudar a situación deste tributo, xunto con outros. A sentenza só se refire ás minusvalías. Suporía ademais unha mingua de ingresos e dos gastos correlativos. Tomarse un tempo dará pé tamén a ter os informes que faltan.





*Sr. Fernández Comesaña:* Formulou a moción con responsabilidade. O tributo ten carácter voluntario. Xa houbo un tempo no que non se aplicou. A idea era tomarse un tempo á vista da actual situación normativa confusa.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 1; UCN.
- Votos en contra: 8; PSOE e BNG.
- Abstencións: 8; PP e Nigrán Decide.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a Moción.

### **I.7.- PROPOSTA DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN DA FEGAMP E O CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS DE APARELLADORES E ARQUITECTOS TÉCNICOS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS FORMATIVAS**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de xuño de 2017 á iniciativa do grupo UCN, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción:

Exposición de Motivos:

1.- El pasado 29/03/2017 la Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) y el Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, firmaron un convenio de colaboración para la realización de prácticas formativas en los Ayuntamientos y Diputaciones de Galicia, por parte de los Arquitectos Técnicos.

2.- El citado convenio tiene por objeto establecer las prácticas no laborales y el desenvolvimiento por parte de los Arquitectos Técnicos, de las tareas adecuadas a su nivel de formación, que le sirvan para adquirir una experiencia enriquecedora para que, una vez finalizadas, puedan disponer de una perspectiva que les permita su Incorporación al mundo laboral.

3.- Teniendo en cuenta que el Ayuntamiento de Nigrán, no solo tiene en marcha la tramitación de un Plan General de Ordenación Municipal, sino también, dispone de un importante dinamismo urbanístico propio de un municipio costero y con un marcado perfil turístico, que puede ayudar -en la medida de lo posible- a que estos técnicos recién titulados, puedan adquirir una experiencia positiva que no solo les permita mejorar su formación, sino también adquirir experiencia tanto en obra pública como en el desarrollo urbanístico.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno la adopción del siguiente, **ACUERDO:**

**PRIMERO.-** Instar al Alcalde-Presidente a formalizar -a la mayor brevedad posible-, el correspondiente acuerdo de adhesión al "Convenio marco de colaboración entre o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de prácticas formativas en Concellos e Deputacións de Galicia, por Arquitectos Técnicos".

**SEGUNDA.-** Dar cuenta posterior al Pleno de la Corporación, una vez cumplimentado el citado acuerdo.





**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Explica a proposta, que se asenta no referido convenio da FEGAMP. Engade que se trataría dun becario por un período máximo de 6 meses. Como ten contido económico o Alcalde deberá solicitar a fiscalización do Interventor. Preténdese que estes profesionais poidan adquirir experiencia neste Concello. Pensa que debe haber consignación suficiente. Tamén se podería acudir a un sistema semellante para un enxeñeiro.

*D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:* Están de acordo coa formación. Hai achega económica e polo tanto necesidade informe económico. Tamén se necesita un titor académico no Concello. Terían que aceptar os técnicos municipais. Non hai elementos de xuízo para pronunciarse. Absteranse.

*D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide:* Votarán a favor. Teñen claras as condicións. En ningún caso poderán substituír a un profesional.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Está a favor desta iniciativa. Faltan informes para unha decisión razoada. Por iso absterase.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Apoiarán a proposta, previa a fiscalización pola Intervención, que se fará. A titorización é factible.

*Sr. Fernández Comesaña:* O titor non é un problema. Aquí non se trata de cubrir traballos estruturais do Concello. Tamén hai que comprobar se temos un seguro de accidentes.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PSOE, Nigrán Decide e UCN.
- Votos en contra: Ningún
- Abstencións: 7; PP e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta, limitando o alcance da iniciativa a unha beca cunha duración máxima de seis meses e a que con carácter previo á formalización se fiscalice pola Intervención municipal e se comprobe que o Concello dispón dun seguro axeitado as esixencias do convenio.

## II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 16 de maio de 2017 e o 15 de xuño de 2017, ambos incluídos.





## II.2.- DAR CONTA ESCRITO UCN SOBRE INGRESOS PERCIBIDOS PARA GASTOS FUNCIONAMIENTO GRUPO MUNICIPAL DO ANO 2016

A documentación de referencia é a facilitada pola Intervención municipal.

### II.3.- ROGOS E PREGUNTAS

#### 11.- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:

1.1. Complejo Dunas de Gaifar. Hoy otra vez hemos visto en el periódico la situación lamentable en que se encuentra. Estamos a casi 1 de julio, la temporada de verano empezó hace tiempo y esto sigue igual. La verdad es que la dejadez de su gobierno me tiene perpleja, no será que no se lo hemos advertido, porque este grupo municipal en el Pleno de octubre, en el de diciembre y en el de marzo le hemos dicho como estaba la situación del complejo en cuanto a dejadez, en cuanto a que no tiene en cuenta las pistas de tenis, etc. Usted ha hecho caso omiso sabiendo que el contrato les obliga a la limpieza diaria de los baños, al corte de hierba, a un montón de cosas que no se están cumpliendo. Es un contrato y se tiene que cumplir, si no para eso están ustedes, para obligarles.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Haremos todo lo posible para mejorarlo.

1.2. Estos días no está funcionando la ventanilla única en registro, porque no hay personal.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Esta semana unha das persoas do rexistro está de vacacións e outra tivo que coller unha baixa e está a ser substituída por outra persoa, pero o rexistro da Xunta se está recollendo.

*Sra. Alonso Macías Jorreto:* ¿Es una becaria que no tiene quien la supervise?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si, tiene quien la supervise.

#### 2.- D<sup>a</sup>. Rosa Rodríguez Rodríguez, do grupo Popular:

2.1. Situación da rúa Vista ao Mar en Praia América. Pediría que se intentase solucionar, porque hai queixas dos negocios e dos veciños. As losetas son molestas e hai moitas que están soltas.

2.2. O portavoz de Nigrán Decide me preguntou se tiña correo institucional, na páxina web. Están todos os meus compañeiros cos seus correos. Eu estou desaparecida.

#### 3.- D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:

La última vez que pregunté por la compra de la parcela en el parque industrial para almacén me dijo que se aprobó en la Junta de Gobierno de la Diputación una partida para





incrementar a que el Concello tenía. ¿Como se encuentran los trámites para la compra definitiva de la parcela?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Se lle pediu a Zona Franca o prezo exacto da parcela e creo que esta semana chegou o escrito no que nos indica o custe exacto da mesma e iniciaremos o proceso para a compra.

*Sr. García Pazos:* ¿Ya está todo el dinero en el Ayuntamiento?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Xa chegou a concesión dos 88.000 euros e a prórroga da petición do préstamo do ano 2015 que había con Deputación.

*Sr. García Pazos:* ¿Que trámites hay que hacer?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Comprar directamente.

**4.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:**

Fai un par de Plenos presenteí por escrito unhas preguntas, vostede contestou que claro, presentándoas dous días antes... A maioría delas segue sen contestar. En numerosas ocasións pedín información, ben é verdade que vostede di que asina todo, pero curiosamente hai determinadas cuestións que a min non me chegan, como poden ser as relacionadas con CESPAs ou cun convenio concreto que xa me fai pensar que o Concello fixo unha obra ilegal, o convenio de cesión de Chandebrito para instalar o parque biosaludable.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Mañá o tes.

**5.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:**

5.1. A praza de aparcamento de discapacitados que está localizada fronte ao ambulatorio vello na rúa Baiona aínda non se sacou e rogaría que se pasara á rúa Arquitecto Palacios.

5.2. No Camiño Vello había colocadas ao final do camiño uns valos de protección. Pide que se poñan de novo.

5.3. Que se efectúe a limpeza nas urbanizacións que están un pouco abandonadas, tanto no SAU 1, SAU 4, SAU 7, así como ordenar a limpeza e desbroce das parcelas que aínda están sen edificar.

5.4. Que se retiren diversos carteis de obras, especialmente o que está colocado diante do Concello.

5.5. Que se lle transmita ao persoal de desbroce de limpeza que teñan especial cuidado en cortar ramas en fincas privadas que poidan invadir a vía pública. Me chega coñecemento de que no camiño da Igrexa en Nigrán unha camelia que estaba nunha finca





privada se lle cortou unha rama.

5.6. Insistir na limpeza e desbroce de camiños no rural, que están bastante descoidados e moitas cunetas están cheas de terra, que convén limpalas de cara ao inverno.

5.7. Que se solicite á Xunta de Galicia que volva a pintar na rúa dos Pazos, na intersección co camiño das Pedras, onde a Fonte do Pereiro, para que poidan cruzar os coches.

5.8. Que se pinten os pasos peonís e prazas de aparcamento que están bastante borrados.

5.9. Que se dote de elementos o parque da Ramallosa que está enriba do aparcamento.

*D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro Delegado:* No se pode, por estar encima do aparcamento.

5.10. Que se modifique o horario de atención ao público na oficina de rexistro. Non se xustifica que teñamos un horario de inverno de 9 a 14 horas e de verán de 9 a 13 horas, porque se comparamos con Correos, que está desde as 8:30 ata as 14:30 e os bancos igual. Tendo en conta que os sábados son inhábiles, que se busque o consenso cos delegados sindicais de ampliar en inverno de 8:30 a 14:30 horas e en verán de 8:30 a 13:30 horas.

5.11. Varios veciños presentaron o 8 de setembro de 2008, rexistro de entrada 7971, un escrito con varias firmas no que solicitaban que se lle asigne o nome de Camiño de Ferrotes a un vial en Priegue que comunica a rúa Condomínguez coa rúa San Román; vial asfaltado e con cesión de terreos. Existe algún inconveniente?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Se pode acordar entre todos.

5.12. Recentemente o Concello reparou beirarrúas que estaban rotas no boulevard de Praia América a pesar de que aínda hai algún tramo sen reparar. Encárgase o Concello do mantemento? Tamén abarca a zona axardinada? Por que non se arranxou o outro tramo que tamén está mal?

*Sr. Rial Sánchez:* Reparouse a parte que estaba peor e estamos esperando que Estradas repare o resto. Xa teñen a comunicación.

5.13. Que xestión fixo con respecto a unha moción que se aprobou no Pleno de marzo solicitando a cesión ao Concello dos viais da Deputación e a urbanización da rúa do Ceán?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Ningunha. O deputado provincial fixo unha visita política. Nós explicámoslle que as maiores necesidades eran unha petición que había en Chandebrito, no barrio de Pracíns, de arranxar toda esa zona e dotala de beirarrúas e o que lle plantexamos como segunda foi a finalización da rúa Ceán. Dixeron que o





terían en conta. É certo que non se solicitou por escrito nada, pero farémolo.

*Sr. Fernández Comesaña:* Supoño que se lle daría conta do acordo plenario.

5.14. A Xunta anunciou recentemente a construción dunha senda peonil na PO-552 dende Vigo e que no tramo de Priegue abarca desde o punto quilométrico 6,910 ao 7,500. Existe no Concello algún proxecto desta actuación?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Está en Servizos Urbanos, tanto ese como o da esquina de Praia América e creo que aínda non está rematado o de Gondomar á Ramallosa.

5.15. Estou observando que o bazar chino de aquí abre día e noite, domingos e festivos, non sei se isto se pode regular dalgunha maneira, porque o comercio local ten uns horarios. Habería que regular os horarios dentro do marco que establece a lei.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non temos queixa de ninguén.

#### 6.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG.

6.1. A Xunta de Goberno da Deputación, da que creo que o Alcalde forma parte, no mes de maio aprobou anular a subvención concedida ao Concello de Nigrán por importe de 1.000 euros para a realización do mundial de bolos celtas. Esta anulación produciuse pola falta de xustificación polo Concello da subvención concedida. Eu quería saber por que o Concello decidiu non xustificar a subvención e perder o importe.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Teño que miralo.

6.2. Este luns teño entendido que se rexistrou un escrito protestando pola ocupación de vía pública na rúa Curros Enríquez.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Se lle deu tramitación inmediata e se lle comunicou aos propietarios esa denuncia e por suposto que se recuperará ese espazo público.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Eu supuña que non había solicitado ningún tipo de reserva.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A min pasáronme de tal xeito que a sensación era que non había nada. Nos puxemos en contacto cos propietarios

6.3. Coa chegada da tempada de verán os nosos concellos veciños costeiros poñen en marcha un servizo que nós consideramos moi interesante que é o servizo de Policía Local de praias, que se realiza en bicicleta e a pé. O Concello de Nigrán, igual que Vigo e igual que Baiona, tamén o tiña, pero xa fai uns anos decidiu eliminalo. Nós cando no seu momento presentamos unha moción na que solicitábamos que dentro do estudo de mobilidade sostible, que nos dixeron que xa está contratado, se fixera un específico do Concello de Nigrán como primeiro centro de traballo do Concello, esta era unha das cuestións para estudar, a mobilidade dos servizos municipais. O goberno non considera conveniente ou razoable ese servizo?





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*Sr. Alcalde-Presidente:* A min me parece interesante.

*D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado:* O responsable da Policía Local non está pola labor dese servizo, pero se o estimamos necesario podemos darlle outra volta. Creo que incluso dispomos de bicicletas.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Iso era o que supuña, que á diferenza de Vigo e Baiona, a xefatura do departamento igual cre que non é un servizo suficientemente importante.

*Sr. Alcalde-Presidente:* É certo que a xefatura pode ter unha visión e o goberno podemos ter outra e se consideramos que se debería facer algunha patrulla en bicicleta polas zonas costeiras sería posible.

6.4. Recibimos por diferentes medios, persoas e colectivos, unha alarma, porque se está utilizando herbicidas por persoal do Concello en diferentes zonas de Nigrán. Isto é así? Que tipo de herbicida se utilizou?

*Sr. Rial Sánchez:* Como se aprobou aquí, non se está utilizando glifosato, estase utilizando outro tipo de herbicidas.

*Sr. Rodríguez Fernández:* É suficiente con que me digades que herbicida se esta utilizando.

*Sr. Rial Sánchez:* Glufosinato amónico.

6.5. Recibín algunhas queixas por unha práctica que non se pode facer, que é que están circulando motos polo río Muiños. Podería ser obxecto de algunha patrulla da Policía Local andando polo paseo, igual non estaría mal que incluían dentro dos servizos habituais a realizar, pero hai un aspecto importante que é que hai sinais no principio e no final do paseo coa prohibición de vehículos a motor, pero hai algún acceso intermedio ao paseo como é o que ven de Parada á metade do percorrido, onde non hai sinal.

\*\*\*

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace  
O ALCALDE  
Juan Antonio González Pérez

